

UNHA FESTA COMO HAI MOITAS

I

De Mondañedo a unha légoa,  
Non curta, por más que digan;  
Á esquerda da carretera  
Por que se vai pra Castilla,  
Nun monte que hai moi costento,  
Que sólo dá toxo e silvas,  
Queirogas e algunas xestas;  
Nunha esvencellada hermida,  
Un crego, que mal lle atende,  
Ten nun San Cosme unha mina.  
E dela as millores vetas  
Seique anque choveran fisgas,  
Colle sempre o día do santo,  
Que alí van cantos o pintan  
Coma ningún abogoso,  
Pra curacíons e pra dádivas.  
Era o ano... (non sei cantos,  
E eso que houbera sardiña,  
E raxo a feixe na praza,  
Pra levar pra encher a tripa)  
Inda había noite e noite;  
As taberneiras da vila  
Sabendo que, de larpeiros,  
Entre os devotos, tal día,

Non falta nunca fatado  
Mais que abondo pra que as billas  
Dos pelexos non se cerren,  
Cara aos Samordás xa iban  
Cos seus carretos, pra armaren  
Onde moito non ferira  
O Nordés, que, afeitar sole,  
Xunto ao xuncras da capilla.  
Diante eles, por un carreiro  
Que dun rego vai pra riba,  
E ao relanxo leva o adro,  
Catro en conversa subían.  
Eran catro dos que o agosto  
Fan naquela romería.  
Eran: un cego... que alupa  
Canto alupe o de más vista;  
Unha... que co el fai de borne,  
E é das que ni o demo pilla;  
O sancristán, que aos romeiros  
Pón o santo e toma as *micas*;  
E o que Dempóis de mirar  
Saca á puxa as ofrendiñas,  
Con que os devotos regalan  
Ao crego por dila misa.  
E digo ao crego, porque eu  
Figúrome que nin pizca  
De faragulla lles toca  
Nin ao santo, nin a ermida,  
Que si falaran, quizaives  
Algo más ca min dirían.  
Desque chegaron, abriron  
E entraron pra a sancristía;  
Por certo sin tan siquera  
Tomar a iauga bendita,  
Nin botar as mans ás puchas,

Nin esconderen as *chitas*  
Que na boca, entón, levaban  
Todos os catro alcendidas.  
Así que alí se meteron,  
E o santeiro unha miguiña  
Descansóu, colléu un xarro,  
E foi por auga pra a pía,  
Que enchéu hastra reberquer,  
Como é mester pra que rifas  
Non teñan os que a buscalá  
Van cada hora pra manciñas.  
Baixóu Dempóis do alzadeiro  
Do altar o Santo, que tiña  
Media pulgada de roña;  
Limpouno de abaxo a riba,  
E púxoo nas súas andias,  
Onde á tribua; con cintas,  
Á palma que tén na mau,  
Amarroulle unha xiringa  
De cera, que unha romeira  
Levara a víspora aínda,  
Porque non sei que curara  
Coa súa iauga en lavativias,  
Xunto as nádegas, que ardendo  
Tivera desque salira  
Correndo unha vez da casa,  
Quente de enfornar, pra a misa;  
E diante, alusos, prantoulle,  
De velas das de oito en libra,  
Unhos dez ou doce cabos  
Que, por entre o ano, había,  
Nun queixón onde os ornatos,  
Augardente e hostias tiñan.  
Desque o Santo habilitóu,  
Dun garabelo de brimbás,

Que el levara, foi sacando  
 Roméu, lesta e reina Luisa;  
 E deles pondo ramiños  
 Foi polo pe e a cornixa  
 Do retablo, nos furados  
 Que feitos tiña a polilla.  
 Estróu o demáis por baixo  
 Dendes do altar hastra a pía;  
 Logo que estróu, ben estrado,  
 Púxolle aceite á torcida  
 Unha lámpara que hai, más moura  
 Que a caldeira menos limpa,  
 E, fregando as mans, volveuse  
 Pra onde aos demáis da cadrilla,  
 Renegando da limpeza,  
 Que lle dera sempre tirria.  
 —Pois non debera ¡así eu medre!  
 Tendo o crego desta *chirla*.  
 Saltóu o *cego* sacando  
 Do queixón onde el o *vira*  
 O botellón da augardente.  
 —E leve o demo si ulila  
 Non soupeche?

—Non que logo...

E más sin proba debías  
 Quedarte, xa que a gardabas,  
 Sin dar siquera unha chinca...  
 —¡Abofellas!

—¡Abofellas!

—¡Bon irás ti, si é que hai pinga!  
 E o botellón lle agarróu;  
 E veu, ledo, que inda tiña;  
 E botóu por el un groucho,  
 E espurróu, e xunto á pícara  
 Con certo aquel foi sentarse;

E entre gotos, e entre risas,  
E falando do que a festa,  
Por non chover, prometía,  
Pasaron o tempo mentras  
Que os cregos chegando no iban.

## II

Cando as primeiras raiolas  
Por tras o Fiouco alumaban,  
Ao pé dun muro que cerca  
Inda a ermida, e más tén pandas  
Fai algúns anos, xa as tendas  
As taberneiras armaran,  
Cos carros e cos ladrairois,  
Con casqueiros e palancas,  
E no adro, nun recuncho,  
Nunha mesa, que unha saba  
Cumpridamente cubría,  
De roscas, garnacha e caña,  
Dúas rapazas xarelás  
Puxeran tal abundanza,  
Que arrumbaban pouco menos  
Que unha meda das da Chaira.  
¡Aquel si que era chea!  
¡Cuase xa tórbeda daba!  
E digo: que pra comer,  
Non sendo de herba ou de palla  
Pra as bestas, o que é pra a xente,  
Nunca outra víñ, nin soñara.  
¿Reparastes nas pedreiras,  
Como a pedra, de arrincada,  
Pon en montóns, pra que, logo,  
Sexa doado cargala?;  
Pois igualiño se vían

De bon pantrigo as fogazas,  
 Onde non por entre os pés,  
 Pódese decir que estradas.  
 De lacóns, coma algúns santos,  
 Respetosos polas barbas;  
 De chourizos, que bandullos  
 Polo gordos semellaban;  
 De empanadas, peixe e troitas,  
 E queixos deses que chaman  
 Polo tinto..., era un milagre  
 De cestas o que levaran.  
 ¿E de viño, ou, millor dito,  
 Da mistura cacholana,  
 Que por tal todas vendían?...  
 Seique aventuro a que da auga,  
 Todos os bois da parroquia,  
 Nun par de meses de grada,  
 Non beberan os pelexos  
 Que alí o trasego esperaban.  
 ¡Tiñan o menos dez ducias  
 Arrimadiños ás táboas!

## III

Pouco dempóis de amañaren  
 Seu tratiño as taberneiras,  
 Nunha égoa de seis palmos  
 Con seis pulgadas e media,  
 Na capa entrambos envoltos,  
 Chegaron a xunto ás tendas  
 O crego e más a sobriña,  
 Que era galana e quincena.  
 Apeouse el, e axudoulle  
 A baixarse á compaíneira;  
 Deulle un berro ao sancristán

Pra que arrecadara a besta;  
Botoulles catro fungadas  
Ás que no adro puxeran,  
Por lle cangaren o sitio  
Donde puxan as ofrendas;  
E colléu pra a sancristía,  
Mirando de paso a iglesia,  
Na que nomáis veu de falta  
Diante do santo a bandexa.  
Drento xa, quitóu a espora,  
Sacóu cigarro e más mecha  
Deu ao eslabón, fixo lume,  
E acendéu, dindo a moneira,  
E o recanto onde quería  
Lle poran o que *caera*;  
E alí estivo dando voltas,  
E unha vez que outra a cabeza  
Por tras a porta asomando,  
Cando chinchar as *cadelas*  
Xunto ao Santo non sentía,  
Hastra que a ermida veu chea,  
Que saléu pra diante o altar  
A dispoñer a colleita,  
Pra a misa, que dice el sempre  
Pola intención dos que ofrendan.  
Que boa foi; pois no acabara  
Ben as palabras primeiras,  
E aquelo xa no era ermida,  
Sinón un campo de feira,  
Donde había loitas, e pulos,  
E xuramentos e apertas,  
Pra de man en man pasaren  
Por enriba das cabezas  
Sacos con fabas e grá,  
Cuncos con mel e manteiga,

Cestos con pitos e hovos,  
 E lá en gadellos, e cerda;  
 E hastra, pra non faltar nada,  
 Bácaros, castrós e ovellas,  
 Que pórón na sancristía,  
 Tal como o crego dixera,  
 Antes que el e os compaÑeiros  
 Que entrar por detráis tiveran,  
 Se amañaran, pra saliren  
 A dila misa da festa.

## IV

Feita a función, que saléu  
 Como non outra acordamos,  
 Pois non faltóu nin requinto  
 Con tambor pra cando alzaron;  
 E houvo sermón de dous pesos;  
 E queimouse incenso largo,  
 Que, por certo, consolounos,  
 Con estar medio apagado,  
 Esbaindo outro que había,  
 Cal hai sempre en tales casos;  
 Salimos como uidemos  
 Dando contrós e apuxando.

—Vaia que lá coma esta  
 Non a tivo xa fai anos...  
 (Decían naquel istante  
 Rematando no ofrendado)  
 ¿Quén é o que a leva nun brote  
 Por no andar arromanando?  
 —Dou corenta rás por ela,  
 Berróu un.

—Corenta e catro,  
 Repuxo outro, dende a igrexa.

—¡Ai, miña nai! ¡Ai, meu brazo!  
¡Ai, disgraciada de míñ!  
¡Ai, que seique mo esnogaron!  
Saltóu no aperto unha nena,  
Torcéndose e dando laios.  
E tal rebumbio se armóu,  
Que por un nada a mocazos  
No empezaron, cando o crego,  
Dendes da porta, baduando,  
Quixo ensiñarnos a todos,  
Que aquelo no era un mercado;  
Pro dixo a tempo o do outro:  
Con estes bois eu non aro,  
E foise amainando a xente,  
Anque non sin ben traballo;  
E volvéu a lá a puxarse;  
E tras dela cinco ranchos;  
E Dempóis todo o demáis,  
Que deu o demo de cartos.  
Así que os gardaron, mesmo,  
Fora a porcesión sacaron.  
Saléu primeiro un rapaz,  
De foguetes, cun brazado;  
Cuase en par de el, o mordomo,  
Coa mecha pra ilos tirando,  
E o do tambor, e o gaiteiro,  
Que iba tocando un fandango;  
En seguida, co pendón,  
Un fillo do frabicario;  
Logo o da cruz, e unha moza  
Moi maja levando o ramo,  
Que tiña roscas tamañas  
Coma unha roda dun carro,  
E eso que eran das de Meira,  
Feitas co azucré más branco;

E detráis, entre ofrendas  
Coas súas velas alumando,  
Meu San Cosmiño grorioso,  
Cheio de cintas e ramos,  
E os bazunchos dos tres cregos,  
Cantando moi entonados  
Seus cantos, que tanto encantan...  
Mentras as campás picando,  
E os foguetes atronaban,  
Cal cen batás ou cen mazos.

## V

Alá pola media tarde,  
Desque un bocado e uns gotos  
Tomara a xente, aos abrigos  
Das cerrumes e dos toxos;  
Cando, tecoleando os cegos  
Nas zanfoñas, tras dos codos  
Andaban polas merendas  
En que hosmaban cesto e boto,  
Pouquiño a pouco os rapaces  
Deron en collar pra o corro,  
Donde bailaban, que estaba  
Cal non se vira había moito;  
Pois, anque todas as boas  
Se houberan posto dacordo,  
Non foran más nin mellores,  
Nin da Paula, nin do Corno,  
Nin de Lindín, nin de Masma,  
Nin das Goás, nin de Montouto.  
¡Vaia unhas nenas aquelas,  
Maiormente as de Argomoso!  
Andaba unha na baila  
Danzando cun peilamoco,

Cun pano de lá marelo,  
Por riba con arte posto  
Pra que puidese lucirse  
Na testa o cabelo un pouco,  
Co seu denguiño de grana  
Ben caído e ben redondo,  
Coa saia capada e curta,  
Cun mandil de chilós roxos,  
E unhas medias axustadas  
E uns zapatiños de coiro...  
Que, sin mentir, parecía,  
Sobre todo polos ollos,  
Ni estarulados, nin musgos,  
Moi rasgados e moi mouros,  
E a boca dulce e fresquiña,  
E o pescozo, que ni ao torno,  
Con outras cousas ben feitas,  
Que por crianza non nomo,  
Unha gallega, gallega,  
Das que pinta Alfredo Souto,  
Que son gallegas que falan  
Moito á ialma e moito ao corpo,  
¡Estaba baril ao dreito  
Darriba abaixo, recoiro!...  
No era milagre que ao rabo  
Levara un fato de mozos,  
Nin tampouco que entre luces  
Tobaran hastra os más cordos;  
E que, por dar ou non dar  
Co ela unha volta no corro,  
Dempóis de rosmaren baixo,  
Se filasen, e cos mocos  
Deran as razóns, e houvese  
Croques ás cheas pra moitos;  
Hastra que catro ou seis deles,

Máis mancados ou más froxos,  
Se queixaron, e os *civiles*  
Se procataron do conto,  
Que mataron decontado  
Prendendo a unhos... por outros,  
Que, más cucos, xa pra a casa  
Volvían sanos e fonchos,  
Atruxando, os sin parexa,  
E os demás coma o raposo,  
Cando, por tras os palleiros,  
Anda facendo o seu choio.

Agosto de 1895.